


Mosaicos

Un mosaico é un deseño formado por combinación e repetición de figuras xeométricas planas. Ao longo deste caderno vas a aprender a deseñar mosaicos partido da figura xeométrica mais sinxela o cadrado.

O primeiro que debes facer polo tanto, é asegurarte de que sabes debuxar un cadrado correctamente coa regra a escuadra e o cartabón. Repasa o trazado do cadrado na ficha dos polígonos antes de comezar este caderno.


1º Todos os lados do cadrado son perpendiculares.

2º A diagonal do cadrado divídeo pola metade e forma un ángulo de 45° cos lados.




1. Debuxa unha retícula de cadrados de 3cm no papel.



Para facer a retícula, primeiro coloca o papel en horizontal e fai marcas cada 3cm na parte superior e na parte inferior da folla. Lembra medir sempre dende o lado esquerdo e ten en conta que deben sobrar 2,7cm polo lado dereito!







A continuación fai marcas cada 3cm na parte esquerda e na parte dereita da folla. Lembra medir sempre dende a parte superior e ten en conta que neste caso non debe sobrar nada por abaixo!



Un mosaico se elabora poñendo figuras xeométricas unhas ao lado doutras para cubrir todo o espazo. Coa seguinte figura baseada no cadrado poderíamos obter un mosaico sinxelo como o que aparece na imaxe.






Con todo, o deseño pode complicarse bastante mais do que semella a simple vista. Podemos xirar a figura da que partimos e poñela en catro posicións diferentes aumentando enormemente as posibilidades á hora de elaborar o mosaico.





2. Deseña un mosaico distinto do que hai no exemplo partindo da mesma figura xeométrica. Debúxao con regra esquadra e cartabón na retícula que acabas de debuxar.


Agora que xa sabes o que é un mosaico imos deseñar un, partindo dunha figura deseñada por ti. Podes crear infinidade de deseños diferentes para facer as pezas do mosaico, pero o importante é que o seu deseño sexa o suficientemente sinxelo como para repetilo con exactitude cantas veces sexa necesario. As seguintes figuras son bos exemplos disto.




Para poder deseñar as túas propias figuras vas necesitar algunhas follas que estean cuadrículadas. Colle un caderno cuadrículado e debuxa a man alzada varios cadrados con 6x6 cadrados de lado.




Cada un dos cruces das liñas do teu caderno cuadrículado é o vértice dun dos cadrados que compoñen a túa figura. Cada vez que debuxes unha liña debera partir dos vértices e rematar noutro para que despois resulte sinxelo copiar a figura nun papel branco.



Agora so tes que trazar ou ben diagonais que vaian dun vértice a outro.



Ou ben arcos de circunferencias que teñan os centros nun dos vértices.



Ou ven remarcar algún dos lados dos cadrados pequenos.



3. Elabora 12 deseños diferentes de pezas para mosaicos seguindo os pasos descritos anteriormente.



4. Escolle o deseño que mais che guste e debuxa con regra escuadra e cartabón o mosaico que se forma sen xirar a peza.



5. Partindo do mesmo deseño debuxa con regra escuadra e cartabón un novo mosaico xirando as pezas como queiras.